



**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**Modelo MD85PR001**

## **Programación**

**Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Materia/disciplina: Fundamentos de Música Contemporánea**

**Curso: 2024 - 2025**



## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	6
3	Atención á diversidade.....	8
4	Temas transversais.....	8
	4.1 Educación en valores.....	9
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)....	9
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	10
6	Secuenciación do curso.....	11
	6.1 Curso: 6º do Grao Profesional.....	11
	6.1.1 Obxectivos.....	11
	6.1.2 Contidos.....	11
	6.1.3 Avaliación.....	12
	6.1.4 Medidas de recuperación.....	15
	6.1.5 Recursos didácticos.....	16
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .	18
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....	18
9	ANEXOS.....	19
	9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	19
	9.2 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais).....	20
	9.3 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible e para a avaliación extraordinaria).....	21



## 1 Introducción

---

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de FUNDAMENTOS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A proposta desta materia elaborouse segundo o disposto na Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se determinan as materias optativas das ensinanzas profesionais de música establecidas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

Esta materia optativa está adscrita ao departamento de tecla e vencéllase principalmente aos seguintes itinerarios: Interpretación, Composición e Musicoloxía.

A formulación desta materia ven a fío doutra materia optativa que xa se ofertara no CMUS Profesional de Santiago durante o curso 2007-2008, «Música Contemporánea a través de técnicas non Occidentais», naquel entón dirixida ao alumnado do 3º Ciclo do Grao Medio. O propósito da materia actual ven a completar os contidos anteriores para incidir máis directamente nos aspectos curriculares relacionados coa especialidade do alumnado así como a actualizar a materia nos aspectos que necesariamente están en continua renovación: elementos de vangarda da música do século XXI.

O baldeiro existente no ensino sobre a música contemporánea segue a ser moi preocupante. Esta é unha área que soamente se ve cuberta en casos moi puntuais, a miúdo abrangendo unha parte mínima e mediante enfoques superficiais. Dificilmente atoparemos nos centros de enseñanza musical alumnado interpretando ou cando menos familiarizado coas composicións de Edgar Varese, Olivier Messiaen ou John Cage, compositores que arestora xa non poden entrar dentro no termo de contemporaneidade e que forman parte xa dos clásicos da música moderna. Resulta mesmo alarmante se se pensa que dende algunhas das obras dos compositores citados xa pasou un século e que porén toda a historia musical dos últimos cen anos así como a vangarda actual estean a pasar inadvertidas nos Conservatorios.

Todo este baleiro non fai máis que agravar aínda máis esa distancia existente entre o público e a música actual, así como a falta de compromiso de moitos intérpretes ca arte contemporánea. A evolución de todo estilo musical sempre necesita de intérpretes pioneiros que prestan dedicación á música do seu tempo, e é preciso ter moi presente que á calquera instrumentista faille falla unha preparación específica e coñecementos de novas técnicas e estéticas para poder abordar o repertorio contemporáneo. Xurde entón a necesidade de ofertar unha materia «Fundamentos de Música Contemporánea» ten como principal propósito proporcionar ao alumno esa formación específica completando así o seu perfil profesional.

Esta materia enfócase para poder analizar e interpretar obras de música contemporánea de, por exemplo de clásicos do século vinte como Xenakis, Boulez, Elliot Carter, Stockhausen ou mesmo Ferneyhough cun nivel moito maior de seguridade, emocionalidade e precisión tanto a nivel rítmico como microtonal. Pero tamén para estar alerta de diferentes correntes actuais (dende unha perspectiva tanto nacional como internacional) e da flexibilidade requirida ao intérprete actual, nun momento no que de cada compositor emerxen linguaxes propias e individuais que contemplan a miúdo o uso non convencional dos instrumentos.



Sesións monográficas de diferentes autores e contextos históricos –ilustrados con audicións para que o alumnado teña unha aproximación completa a diferentes correntes compositivas– dan paso a un traballo práctico comezando por un aspecto básico para os intérpretes: o ritmo. O ritmo, como un dos elementos principais en boa parte do repertorio da música do Séculos XX e XXI, ocupa en gran medida a esta materia converténdose nun obradoiro de “ritmo avanzado” articulado a partir das bases do sistema rítmico ‘Karnático’ –música clásica do Sur da India–. Ademais do sistema rítmico, a música Karnática contén claves para interpretar microtonalidade a través del sistema de *ragas* (escalas indias) e o seu posterior desenvolvemento. Nas clases provese ó alumno con técnicas concretas tomadas deste sistema e practícanse durante semanas ata alcanzar un nivel de precisión e entendemento claros. A música Karnática non so utiliza este complexo sistema na súa música senón que ten un método concreto de ensinanza analítico e práctico simultaneamente.

Nos últimos meses de clases, organizarase ao alumnado para interpretar música contemporánea nun concerto final, ben sexa como solistas ou en dúos, tríos, etc. ou en formato de ensamble dependendo das especialidades instrumentais de cada alumno/a. Este proceso propicia, coa axuda do profesor, que o alumnado poda analizar e aplicar as técnicas aprendidas durante o curso.

En xeral, o afianzamento rítmico e os coñecementos que se adquiren nesta materia constitúen unha formación idónea para todos aqueles que decidan continuar os seus estudos instrumentais cunha educación de excelencia no Grao Superior, pero tamén resulta de especial utilidade para os que se encamiñen cara estilos como o jazz e a improvisación. Os conceptos de polirritmia, polipulsos e figuras irregulares usados na música Karnática, proveñen dun método flexible co que o estudante pode experimentar sen necesidade de intentar copiar a música e estética Karnática en si.

#### ■ Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

#### ■ Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga,



Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación [edu.xunta.gal](http://edu.xunta.gal). Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.



## 2 Metodoloxía

---

Con carácter xeral primarase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

**Actividade e participación:** daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

**Motivación e autoestima:** no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

**Aprendizaxe significativo:** de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), ténndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

**Principios de globalización:** o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

**Personalización e atención á diversidade:** para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado do grupo - clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

**Interacción:** fomentarse a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado - alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado - profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:



En base a estes principios xerais, empregarase tamén unha metodoloxía específica de tipo teórico-práctica, a base de explicacións teóricas, demostracións prácticas, e a propia práctica (dentro e fora da aula) das técnicas explicadas.

As exposicións de conceptos e ideas por parte do profesor estarán seguidas inmediatamente por un estilo máis propositivo que fomente a creatividade. O profesor crea agora un proceso activo con actividades abertas (que non esixen unha resposta única), motivadoras (que estimulen ó alumno), diversas (que se podan presentar en diferentes graos de dificultade e evitan a monotonía) e significativas (que aporten un novo aprendizaxe). O alumno vese pois, involucrado cunha participación activa en tódalas clases, podendo experimentar os coñecementos que vai adquirindo a través do seu propio instrumento, da escritura de frases rítmicas da súa propia invención, da audición de exemplos tanto de música india como de música contemporánea ou da análise rítmica dalgunhas partituras de música contemporáneas.

Fomentarase o traballo en conxunto, por exemplo mediante os exercicios prácticos, que na clase, sempre se realizarán en pequenos grupos cos compañeiros e/ou co profesor.

Durante o ano o nivel de complexidade dos conceptos a traballar vese incrementado progresivamente. O traballo dos últimos dous meses encamiñado a interpretación en público de música contemporánea dálle un sentido real e significativo a todo o aprendido ó longo do curso.

A *ratio* que establece a materia dispón grupos pouco numerosos nas clases, de entre 2 e 6 alumnos, o que favorece a comunicación entre profesor e alumno e unha atención case individual. Este factor resulta idóneo para atender a calquera continxencia do alumnado, considerar actividades de reforzo, etc..e tamén para a atención á diversidade (atención que se pode ver apoiada ademais pola natureza dos exercicios que se fan na clase, que propician o traballo en grupos de 2, 3 persoas por separado, ou de todo un grupo xunto, profesor incluído).



### 3 Atención á diversidade

---

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web. Enlace: [conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos](https://conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos)

### 4 Temas transversais

---

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.





#### 4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

#### 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.



## 5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

## 6 Secuenciación do curso

---

Esta é unha materia optativa impartida unicamente no 6º curso do Grao Profesional.

### 6.1 Curso: 6º do Grao Profesional

#### 6.1.1 Obxectivos

- Adentrarse nas diferentes correntes musicais dende o Século XX ata a vangarda actual; o seu repertorio, estéticas, novas graffías e novas técnicas instrumentais estendidas que conlevan.
- Adquirir unha formación teórico-práctica complementaria á que tradicionalmente se imparte nos cursos de Linguaxe Musical, que axude ao alumnado a enfrontarse ás características do repertorio contemporáneo.
- Aprender un sistema organizado para a práctica e estudo das dificultades rítmicas que se podan atopar na interpretación do repertorio actual.
- Coñecer e acercarse someramente á teoría e práctica musical de culturas moi diferentes á nosa, valorando a súa calidade e nivel de complexidade.
- Valorar a influencia que as tradicións musicais de diferentes orixes tiveron no desenvolvemento da música contemporánea occidental, á que prestaron non só as súas técnicas, senón tamén o seu estilo e espírito. Apreciar aqueles elementos dos seus sistemas musicais que amplían posibilidades musicais para a interpretación e a composición.
- Interpretar obras ou fragmentos de obras contemporáneas que presenten elementos característicos de vangardas.

#### 6.1.2 Contidos

##### FUNDAMENTOS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

- Novas linguaxes e estéticas musicais: contextualización
- Novas técnicas estendidas de interpretación nos instrumentos
- Novas Graffías.
- Música electrónica
- Elementos rítmicos na música contemporánea.
- Interculturalidade: As músicas de diferentes culturas na música occidental do Século Vinte e contemporánea. Gagaku xaponés, Gamelán e Música Karnática



#### VANGARDAS MUSICAIS

- Correntes e estéticas de vangarda
- Diferentes técnicas actuais de composición
- Intérpretes de música contemporánea
- Novas Ensembles

#### RITMO AVANZADO A TRAVÉS DE TÉCNICAS NON OCCIDENTAIS

- Música Karnática: Introducción á música do sur da India. Os *Ragas* e a microtonalidade. Música cíclica, *Talas*. *Gamakas*, técnicas instrumentais ampliadas.
- Ritmo interno
- Conceptos de *Gati* e *Jathi*. Exercicios *Solkatu*
- Marcos rítmicos e frases musicais. Equivalencia dos termos na linguaxe occidental. Henry Cowell. Ligeti. Charles Ives.
- *Sangathi* rítmico e *Gati Bedham*.
- *Anuloma-pratiloma*. Ligeti.
- Polirritmia y Polipulso. *Nadai Bedham*.
- Modulacións métricas e outras proporcións temporais na nosa música occidental. Elliot Carter, Henry Cowell, sistemas de proporcións entre os valores das figuras ou ás referencias metronómicas. Compases inusuais. Notación mensural no Renacemento.
- Amalgama interna. *Jathi Bedham*. Figuras irregulares. Stravinsky. Messiaen.
- *Mukthays*, frases *yati*. Minimalistas. Ligeti. Rafael Reina.

#### INTERPRETACIÓN DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

- A práctica no instrumento de música contemporánea: preparación de fragmentos ou obras do repertorio contemporáneo.
- Análise e resolución de pasaxes rítmicos específicos de partituras de música contemporánea.

#### 6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.



### Criterios de avaliación

- Coñecer e recoñecer as diferentes correntes e estéticas da música do Século Vinte e Vinte un e da influencia que tiveron desas músicas étnicas, e en concreto da india.
- Familiarizarse cos novas grafías das partituras vangardistas e
- Dominar novas técnicas instrumentais.
- Manexar diferentes técnicas rítmicas explicadas.
- Coñecer os fundamentos da teoría musical Karnática.
- Resolver diferentes dificultades propias do repertorio contemporáneo.
- Participar nas actividades en grupo cos/as compañeiros/as da aula.
- Interpretar en publico de fragmentos/pezas enteiras de música contemporánea. Teranse en conta as dificultades rítmicas específicas da peza a interpretar, o entendemento da grafía así como a sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento

### Mínimos esixibles

#### 1º TRIMESTRE

Facer unha exposición oral dun traballo presentado sobre algún dos temas tratados na clase, ben sexa un monográfico sobre un autor ou sobre estéticas musicais de vangarda (a escoller polo alumno/a co visto bo do profesor).

#### 2º TRIMESTRE

Resolver con desenvoltura exercicios rítmicos, tamén de polirritmias e polipulsos dos traballados na aproximación á teoría musical Karnática.

#### 3º TRIMESTRE

Interpretar con certa corrección técnica e estilística, amais dun equilibrio sonoro axeitado, algunha pasaxe do repertorio escollido polo profesor/a para o curso sendo significativo para a práctica de música contemporánea co instrumento

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).



### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de coñecementos previos no referente aos contidos desta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas actividades organizadas na materia.

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE A MATERIA: participación activa nas clases e actividades, así como o grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; con respecto ás normas básicas e interese fronte a materia. **20%** da cualificación.
- HISTORIA E TEORÍA: coñecemento amosado nos traballos presentados e exposición na clase dos mesmos; dos diferentes aspectos históricos, estéticos e técnicos da música actual demostrado nas diferentes actividades propostas durante as sesións de clase. **40%** da cualificación.
- PRÁCTICA: dominio na resolución de exercicios rítmicos e nas interpretacións tanto individuais ou por grupos de pasaxes de obras. **40%** da cualificación.



A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web. En todo caso, ao tratarse dunha materia impartida no derradeiro curso do Grao Profesional, non se dá o caso.

#### **6.1.4 Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

##### **Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) presentación dun traballo sobre un tema tratado na clase e co visto bo do profesor, e defensa do mesmo (oral).

Parte B) Interpretación das obras ou pasaxes indicados para trimestre e/ou curso, según corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Resolución dun exercicio rítmico dos realizados na clase, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:



- HISTORIA E TEORÍA: calidade e coñecemento amosado no traballo presentado e exposición do mesmo; dos diferentes aspectos históricos, estéticos e técnicos da música actual. **50%** da cualificación (Parte A).
- PRÁCTICA: dominio na resolución de exercicios rítmicos e nas interpretacións tanto individuais ou por grupos de pasaxes de obras. **50%** da cualificación. (**25%** da Parte B + **25%** da Parte C)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

#### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) presentación dun traballo sobre un tema tratado na clase e co visto bo do profesor, e defensa do mesmo (oral).

Parte B) Interpretación das obras ou pasaxes indicados para trimestre e/ou curso, según corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Resolución dun exercicio rítmico dos realizados na clase, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- HISTORIA E TEORÍA: calidade e coñecemento amosado no traballo presentado e exposición do mesmo; dos diferentes aspectos históricos, estéticos e técnicos da música actual. **50%** da cualificación (Parte A).
- PRÁCTICA: dominio na resolución de exercicios rítmicos e nas interpretacións tanto individuais ou por grupos de pasaxes de obras. **50%** da cualificación. (**25%** da Parte B + **25%** da Parte C)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.



### 6.1.5 Recursos didácticos

- Material utilizado na materia
- Aula amplía para poder realizar varios exercicios rítmicos en pequenos grupos simultaneamente.
- Material audiovisual: equipo de son e de vídeo. Proxector e pantalla. O concerto final e a súa preparación poderían precisar tamén de mesa de mezclas, microfonía e altosfalantes.
- Metrónomo e papel pautado para a realización de exercicios rítmicos.
- Ordenador con conexión a internet
- Bibliografía básica para uso do alumnado (pequena referencia a publicacións dispoñibles na biblioteca do centro)
- Brindle, R. S. (1987). *La nueva música: El movimiento avant-garde a partir 1945*. Bos Aires, Arxentina: Ed. Ricordi.
- Griffiths, P. (2010). *Modern Music and After*. Nova York, Estados Unidos: Oxford University Press. [terceira edición].
- Lester, J. (2005). *Enfoques analíticos de La música del siglo XX*. Madrid, España: Akal Música.
- Locatelli de Pérgamo, A. M. (1973). *La notación de La música contemporánea*. Bos Aires, Arxentina: Ed. Ricordi.
- Machlis, J. (1975). *Introducción a La música contemporánea*. Bos Aires, Arxentina: Ed. Marymar.
- Marco, T. (2003). *Historia de La música occidental del siglo XX*. Madrid, España: Ed. Alpuerto.
- Marco, T. (2007). *La creación musical en el siglo XXI*. Pamplona, España: Cátedra Jorge Oteiza, Universidad Pública de Navarra.
- Morgan, R. P. (1999). *Antología de La música del siglo XX*. Madrid, España: Akal Música.
- Pablo, L. d. (2009). *Una historia de La música contemporánea*. Bilbao: Fundación BBVA.
- Ramos, F. (2013). *La música del siglo XX*. Madrid, España: Turner Publicaciones S. L.
- Schoenberg, A. & Kandinsky, W. (1984). *Letters, Pictures and Documents*. Faber and Faber.



## 7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Tecla deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

## 8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

Sen perxuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

## 9 ANEXOS

---

### 9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

## 9.2 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,25 puntos	0,5 puntos	0,75 puntos	1 puntos	1,25 puntos
<b>Actitude fronte a materia: 20%</b>	<b>Participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos</b>	Non amosa ningún interese nas clases nin as correccións e/ou indicacións do docente	Apenas amosa interese nas clases. Non soe atender as correccións e/ou indicacións do docente	Amosa escaso interese nas clases. Presta certa atención ao docente nas súas indicacións e correccións pero non se esforza en seguilas	Amosa interese nas clases. Presta atención as indicacións e correccións aínda que non se esforza demasiado en seguilas.	Amosa interese nas clases. Presta atención as indicacións e correccións e esforzase en seguilas.	Sempre amosa interese nas clases. Presta moita atención as indicacións e esforzase en seguilas en todo momento.
	<b>Calidade no estudo autónomo</b>	Nunca realiza os exercicios e tarefas propostas.	Non soe realizar as tarefas indicadas. A calidade no estudo é moi baixa	Realiza os exercicios e tarefas indicadas ocasionalmente. A calidade no estudo é baixa ou moi irregular	Soe realizar os exercicios e tarefas propostas cada semana. A calidade no estudo e boa.	Realiza as tarefas e exercicios propostos sempre ou case sempre. A calidade dos mesmos e boa ou moi boa.	Sempre realiza os exercicios e tarefas propostas. Prepara moi ben cada clase e a calidade no estudo autónomo é excelente.
<b>Historia e Teoría: 40%</b>	<b>Calidade dos traballo presentado así como da exposición ora do mesmo</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Presenta defectos graves na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Presenta importantes defectos na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Presenta defectos na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Aprécianse leves defectos na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Corrección na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Presenta unha perfecta presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.
	<b>Dominio dos diferentes aspectos históricos, estéticos e étnicos da música actual</b>	Non domina ningunha das escolas, estéticas, grafías e técnicas compositivas indicados. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	Domina so algunhas das escolas, estéticas, grafías e técnicas compositivas indicados. Apenas se aprecia melloría nestes aspectos.	Domina a maioría das escolas, estéticas, grafías e técnicas compositivas indicados. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Domina as escolas, estéticas, grafías e técnicas compositivas indicados. Hai unha clara melloría nestes aspectos.	Domina as escolas, estéticas, grafías e técnicas compositivas indicados. Apréciase clara melloría nestes aspectos.	Domina todas as escolas, estéticas, grafías e técnicas compositivas indicados. Apréciase evolución positiva nestes aspectos.
<b>Práctica: 40%</b>	<b>Dominio na resolución de exercicios rítmicos propostos</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	So domina a metade ou menos dos exercicios propostos e faino coa mínima corrección técnica e velocidade moi inferior á indicada	So domina unha parte dos exercicios propostos cunha mínima corrección e velocidade inferior á indicada	Domina boa parte dos exercicios indicados na DP pero non todos, e moitos deles con dificultade e/ou velocidade reducida <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Domina os exercicios propostos, aínda que con con certa dificultade e/ou velocidade reducida nalgún caso	Domina todos os exercicios propostos con corrección e velocidade axeitada	Domina os exercicios propostos, con total corrección e velocidade axeitada
	<b>Dominio na interpretación de pasaxes ou obras, incluídas técnicas estendidas</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra. Apréciase pouca melloría nestes aspectos.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra. Apréciase certa melloría nestes aspectos. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra., pero apréciase melloría nestes aspectos.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra. Presenta ademais unha boa evolución nestes aspectos.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra. A evolución nestes aspectos é moi boa.
Observacións:						Calificación:	

### 9.3 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible e para a avaliación extraordinaria)

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,25 puntos	0,5 puntos	0,75 puntos	1 puntos	1,25 puntos
<b>Historia e Teoría: 50%</b>	<b>Calidade dos traballo presentado así como da exposición ora do mesmo</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Presenta defectos graves na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Presenta importantes defectos na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Presenta defectos na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Aprécianse leves defectos na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Corrección na presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.	Presenta unha perfecta presentación e exposición, información achegada, falta de fontes, estrutura, e no apoio e recursos multimedia para ilustrar os contidos.
<b>Práctica: 50%</b>	<b>Dominio na resolución de exercicios rítmicos propostos. 25%</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	So domina a metade ou menos dos exercicios propostos e faino coa mínima corrección técnica e velocidade moi inferior á indicada	So domina unha parte dos exercicios propostos cunha mínima corrección e velocidade inferior á indicada	Domina boa parte dos exercicios indicados na DP pero non todos, e moitos deles con dificultade e/ou velocidade reducida <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Domina os exercicios propostos, aínda que con certa dificultade e/ou velocidade reducida nalgún caso	Domina todos os exercicios propostos con corrección e velocidade axeitada	Domina os exercicios propostos, con total corrección e velocidade axeitada
	<b>Dominio na interpretación de pasaxes ou obras, incluídas técnicas estendidas. 25%</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio das técnicas estendidas e demais parámetros (dinámica, fraseo e expresividade) acordes á estética da obra.
Observacións:						Cualificación:	